



***SIMPLIFICACIÓN
ADMINISTRATIVA PARA A
CREACIÓN DE EMPRESAS
Dicembro 2006***



Dirección do proxecto (CESGA): Ramón Basanta

Coordinación e edición. Equipo do proxecto ICHNOS (CESGA):

Iria Veiga

Diego Nieto

Investigación e traballo de campo: Instituto Sondaxe, S.L.

Ana Barbosa Vázquez

Iria López Cillero

Ana Lesta Mosquera

Isabel García-Carro Pena

María Ramírez Fernández



Tradución e asesoramento lingüístico:



ISBN-10:84-690-3459-G

A presente obra pode ser distribuída, copiada ou exhibida por terceiros sempre que se cite a fonte. Os contidos da presente obra non poderán ser usados para a obtención de beneficio comercial.





INTRODUCCIÓN XERAL:	4
Capítulo I: A simplificación administrativa para a creación de empresas en Europa:	5
1.1 Antecedentes.	5
1.2 Directiva Bolkenstein	10
1.3 Aplicación do programa comunitario sobre a Estratexia de Lisboa: Unha estratexia para a simplificación do marco regulador. Ano 2005	13
Capítulo II: A simplificación administrativa en España	16
2.1 Sociedade limitada nova empresa	16
2.1.1 Lei 7/2003, do 1 de abril, sociedade limitada nova empresa.....	21
2.1.2 O RD 682/2003 sobre o sistema de tramitación telemática.....	30
2.1.3 Lei 24/2005 de reformas para o impulso da produtividade.....	30
2.2 Servizo de atención cidadá e Plan xeral de simplificación	31
2.3 Avances tecnolóxicos:.....	33
2.3.1 Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.	33
2.3.2 Lei 59/2003 do 19 de decembro, sinatura electrónica.....	35
2.3.3 Lei de Administración electrónica.....	37
Capítulo III: Simplificación administrativa en Galicia	42
Capítulo IV: Da teoría á práctica	51
CONCLUSIÓNS.....	56
Fontes e páxinas web consultadas:	57



INTRODUCCIÓN XERAL:

Este documento fai unha exposición sobre as innovacións que se están a levar a cabo en canto á simplificación administrativa para a creación de empresas. Os avances tecnolóxicos forman parte da sociedade, de aí que a normativa procure ir de forma paralela a estes.



Capítulo I: A simplificación administrativa para a creación de empresas en Europa:

1.1 Antecedentes.

A simplificación administrativa ten as súas orixes na segunda metade do século XX. O seu firme obxectivo é a creación dun sistema regulador europeo que contribúa a conseguir os fins da Axenda de Lisboa.

Esta iniciativa é especialmente importante, sobre todo para as pemes europeas, porque "representan un 99% de todas as empresas e dous terzos do emprego"¹. As pequenas empresas sofren de forma desproporcionada a carga lexislativa e administrativa ao dispoñer de recursos moi limitados para aplicar normas e regulamentacións a miúdo moi complexas. A simplificación a nivel comunitario e nacional consiste fundamentalmente en facilitarlles as cousas aos cidadáns e operadores; todo iso conducirá a un marco máis eficaz e mellor adaptado aos obxectivos políticos da comunidade. Moitos dos actos lexislativos adoptados dende o ano 1957 quedaron desfasados e obsoletos debido ao progreso técnico ou tecnolóxico, a evolución de políticas da Unión, os cambios na forma de aplicar as disposicións xerais dos tratados, o desenvolvemento de regras ou normas internacionais...

As pemes na UE representan unha elevadísima porcentaxe do volume total de negocios e de emprego, de aí que os empresarios europeos deban dispoñer das

¹ Comunicación de la comisión al parlamento europeo, al consejo, al comité económico y social europeo y al comité de las regiones. Bruselas 25/10/2005 COM 535 final



condicións adecuadas para o desenvolvemento e posta en marcha dos seus proxectos. No ano 1997, no Consello europeo de Amsterdam, os xefes de Estado e de goberno afirmaron o seu desexo de simplificar o ámbito empresarial, e para a consecución deses fins creouse un grupo operativo ou grupo de traballo chamado BEST (Business Environment Simplification Task Force), formado por expertos do mundo da empresa, da Administración e do ámbito universitario. Os líderes políticos, durante ese cumio, afirmaron o seu "decidido compromiso de simplificar a regulamentación xurídica e administrativa existente e nova para mellorar a calidade da lexislación comunitaria e reducir a carga administrativa das empresas europeas, particularmente das pequenas e medianas empresas"². Tras unha análise exhaustiva deste grupo de traballo, o grupo Best presentou un informe no ano 1998 indicando as carencias, melloras necesarias e contribucións precisas para a consecución da simplificación dos procesos administrativos arredor do mundo das pemes.

A través das boas prácticas, todos os estados membros intentan mellorar ou darlle un impulso ao bo funcionamento da economía do seu país, partindo da base de que a súa columna vertebral son as pemes. A reforma da regulación e da simplificación debería ocupar un lugar preeminente na política pública a todos os niveis da Unión Europea. No nivel europeo, a creación dunha unidade central de mellora de regulación baixo a responsabilidade directa do presidente da Comisión Europea para analizar e coordinar a revisión e reforma normativa; e a creación, por parte do Consello, dunha unidade central equivalente, baixo a responsabilidade do secretario xeral, para contribuír a mellorar a calidade da lexislación e fomentar a claridade, sinxeleza e coherencia. No ámbito dos estados membros, créase un grupo cuxa misión é a reforma e a revisión da normativa, ademais de garantir que se tiveran en conta as opinións das pemes nas propostas legislativas. Outro aspecto importante serían as modificacións sobre os

² Informe del grupo operativo para la simplificación del entorno empresarial. Best

procedementos administrativos das pemes. O principal obstáculo reside en que as cargas administrativas que afectan ás empresas son máis pesadas debido a que as axencias e administracións públicas non teñen procedementos normalizados.

Sería, polo tanto, necesario buscar unha forma de xuntar todos os procesos para facilitar os conceptos, trámites de xestión e mesmo para unificar todos os pasos que seguir de cara á creación dunha empresa por parte dos estados membro. Unha das solucións que propuxo BEST foi a elaboración dun regulamento no que se especifiquen os criterios administrativos para minimizar as cargas administrativas das empresas. A este respecto, sinalamos a simplificación dos documentos contables, etc.

A Comisión, na súa recomendación, establece claramente que para a posta en marcha dunha empresa debería existir:

- un único centro de rexistro;
- un único documento de rexistro;
- un único documento de identificación;
- a comunicación da información entre os poderes públicos que participen no rexistro.

Neste informe faise fincapé na necesidade de que a Comisión Europea, o Consello de Ministros, o Parlamento Europeo e os gobernos dos estados membro participen activamente na garantía destes mecanismos BEST. A forma efectiva de alcanzar esta homoxeneización en todos os países da UE é a elaboración dun informe con carácter anual coa exposición das correspondentes adecuacións, adiantos, proxectos que se crean oportunos coa finalidade de conseguir os obxectivos recollidos con anterioridade. O característico de todos estes informes é que todos os países van aprendendo das boas prácticas doutros, incorporando todos os aspectos que consideren oportunos para facer máis próspero o seu propio país.

No procedemento Best 2001-2002 sobre simplificación legislativa e normativa, o

obxectivo fundamental foi orientar a atención das políticas de alto nivel cara aos principais temas acordados cos gobernos nacionais e en concertación coas organizacións profesionais, para contribuír ao cambio das políticas nacionais co fin de mellorar o ámbito empresarial. Para medir as consecuencias positivas e negativas que poidan ter os actos legislativos respecto ás actividades das empresas, está o método chamado “avaliación do impacto”. Independentemente de que a Comisión Europea posúa a súa propia análise de impacto, existen análises de impacto nos estados membros. Dentro das recomendacións formuladas ao longo do proxecto Best, destacamos:

1. Ampliar o concepto de avaliación do impacto mediante a integración de todas as repercusións que poida ter unha proposta normativa.
2. Establecer procedementos destinados a garantir que se completou a análise antes da toma de decisións políticas.
3. Crear un nivel mínimo de harmonización dos métodos e prácticas de análise.

Ante o problema de simplificar os procedementos normativos ás empresas incipientes, os estados membros progresan lentamente, polo que se marcaron unhas liñas xerais como axuda para paliar esa deficiencia. Recomendábase principalmente fomentar o uso de Internet, diminuír o número de licenzas e procedementos, introducir puntos de acceso únicos e prazos de resposta regulamentarios. Unha das grandes preocupacións da política de empresa da Unión Europea é, polo tanto, incrementar a súa competitividade. O Consello Europeo destaca os piares máis importantes para a contribución do crecemento empresarial: "plena realización do mercado interior, mellora da lexislación, un maior esforzo en investigación e o reforzo da eficacia do dispositivo institucional"³. En canto aos avances de simplificación no ámbito europeo, cómpre sinalar o proxecto: "Avaliación comparativa da administración de novas empresas",

³ <http://europa.eu/generalreport/es/2004/rg14.htm>

realizado polo CSES (Centre for Strategy and Evaluation Services) por encarga da Comisión Europea. Os datos recolléronse principalmente dos puntos de referencia xerais tales como os resultados do proceso de constitución de empresas, magnitudes de cuantificación do proceso administrativo, indicadores das causas que levan aos resultados (tecnoloxía da información, comunicacións...) e boas prácticas observadas nos estados membros en diversos ámbitos. O proxecto está baseado en varias categorías: empresas unipersoais, sociedades de responsabilidade limitada⁴.

Táboa 1: Datos comparativos medios en Europa da empresa unipersoal e da Sociedade de Responsabilidade limitada

	EMPRESA UNIPERSOAL	SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA
NÚMERO DE PROCEDEMENTOS	8	16
NÚMERO DE PERSOAS CONTACTADAS POLO EMPRESARIO	4	5
NÚMERO DE FORMULARIOS E DOCUMENTOS OFICIAIS	4	9
NÚMERO DE LICENZAS, AUTORIZACIÓNS E CONFIRMACIÓNS OFICIAIS	2	4
NÚMERO DE ORGANISMOS PÚBLICOS E PRIVADOS QUE INTERVEÑEN	4	6

Fonte: "Avaliación comparativa da administración de novas empresas" CSES (Centre for Strategy and Evaluation Services).

⁴ http://ec.europa.eu/enterprise/entrepreneurship/support_measures/start-ups/benchm_summary_2002_es.pdf



1.2 Directiva Bolkenstein

O ano 2004 constituíu un período de transición na política de cohesión económica e social da Unión Europea. O epicentro da normativa está na chamada Directiva Bolkenstein, unha proposta que provén da Dirección Xeral de Mercado Interior, encabezada polo comisario M. Frederik Bolkestein, na cal se abranguen todos os servizos. O obxectivo é a desregulación, eliminando as restricións nacionais mediante o principio do "país de orixe", unha consecuencia disto é que no futuro calquera empresa poderá evitar pesadas restricións nacionais. Esta normativa intenta perfeccionar o mercado interior, e todos os países están totalmente de acordo nos obxectivos do Cumio de Lisboa, segundo os cales a Unión Europea debe converterse na "economía máis competitiva e dinámica do mundo, baseada no coñecemento, antes do 2010"⁵ .

Unha das finalidades é a supresión dos obstáculos que se opoñen á liberdade de

⁵ <http://www.attacmadrid.org/d/5/041016190635.php>

establecemento, de aí que na proposta se prevexan certas medidas de simplificación administrativa, especialmente mediante a creación de portelos únicos a través dos cales os prestadores poidan tramitar os procedementos administrativos relativos á súa actividade, e a obriga de facer que estes trámites se poidan levar a cabo por vía electrónica. Outra das previsións é o establecemento de principios que deban respectar os réximes de autorización aplicables ás actividades de servizos e a prohibición de determinados requisitos xurídicos especialmente restritivos que poidan existir nos ordenamentos xurídicos dalgúns estados membros. Vese necesaria a obriga de avaliar a compatibilidade de certos requisitos xurídicos coas condicións fixadas na directiva. Para a consecución dos seus obxectivos, preténdese eliminar as restricións nacionais socavando sistematicamente as leis nacionais mediante o principio do "país de orixe", o cal significa que as empresas de servizos na Unión Europea terán que obedecer os requisitos do país onde estea a súa sede social.

A través desta directiva, aspírase que todos os estados axusten as súas lexislacións a uns principios comúns. Durante o período de incorporación aos respectivos ordenamentos xurídicos, os estados membros deberán realizar as seguintes tarefas:

- 1 Simplificar os procedementos e trámites administrativos que se aplican ás actividades de servizos, especialmente a través dos portelos únicos e a simplificación dos procedementos de autorización para acceder ao exercicio das actividades de servizos. É preciso sinalar que as obrigas de comunicar a información e de facer posible os procedementos por vía electrónica non impiden que os estados membros manteñan de forma paralela outras formas de comunicación e procedementos.
- 2 Eliminar da súa lexislación unha serie de requisitos enumerados na directiva que obstaculizan o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
- 3 Garantir na súa lexislación a libre circulación de servizos procedentes

doutros estados membros e adaptar en consecuencia as normas que se opoñan a ela.

4 Avaliar a xustificación e a proporcionalidade dunha serie de requisitos enumerados na directiva que, se existen na súa normativa, poden ter efectos restritivos significativos para o desenvolvemento das actividades de servizos. Esta avaliación deberá ter como resultado a supresión de requisitos inxustificadas e será obxecto dunha avaliación recíproca, mediante a cal, chegado o caso, se podería chegar á conclusión de que é necesario propoñer outras iniciativas no ámbito comunitario.

O Parlamento Europeo aprobou o 15 de novembro do 2006 a Directiva de Liberalización de Servizos no Mercado Interior da UE –coñecida como Directiva Bolkestein–. Respecto á proposta inicial, a norma aprobada sufriu leves variacións; "en materia laboral as empresas terán que cumprir coas disposicións vixentes no país da prestación de servizo, polo que o dereito laboral non se verá afectado".⁶ Os expertos cren que a liberalización dinamizará o sector servizos, que achega máis do 70% ao PIB da UE; ademais, estiman nuns 600.000 os empregos que poden crearse grazas á nova lexislación. Os elementos clave sobre a apertura do mercado interior de servizos son: simplificación dos procedementos burocráticos de establecemento, liberdade de provisión de servizos e obriga dos estados membro de cooperar para garantir unha supervisión dos negocios con suficiente eficacia e eficiencia na UE, evitando a duplicación dos controis. Esta directiva deberá traspoñerse ás lexislacións nacionais nun prazo máximo de tres anos.

⁶ <http://www.camaravalencia.com/camaraonline/contenidoNoticia.asp?>

1.3 Aplicación do programa comunitario sobre a Estratexia de Lisboa: Unha estratexia para a simplificación do marco regulador. Ano 2005

Ao longo dos anos, a Unión Europea constituíu un corpus de lexislación que segue a crear condicións favorables ao desenvolvemento económico e a unha mellora das normas sociais; en especial, mediante o afondamento do mercado interior. A simplificación administrativa debe ser unha acción prioritaria para a Unión Europea. Esta necesidade está situada na estratexia de Lisboa, centrada nos elementos do acervo que inflúen na competitividade das empresas. Para alcanzar os obxectivos, preténdese establecer un marco regulador europeo que satisfaga a actividade lexislativa respectando os principios de subsidiariedade e de proporcionalidade.

A Comisión, na súa comunicación de marzo de 2005, expón unha formulación revisada, destinada a promover a mellora da lexislación para potenciar a competitividade, que se centra nas seguintes accións:

- "Mellorar e ampliar o uso da avaliación de impacto de novas propostas. Por exemplo, desenvolvendo unha metodoloxía para determinar os custos administrativos. A Comisión adoptou novas directrices ampliadas sobre a avaliación do impacto en xuño de 2005, a cal está baseada no principio do desenvolvemento sostible e o seu propósito é que, ao adoptar as súas decisións, os responsables políticos dispoñan de análises minuciosas das posibles consecuencias económicas, sociais e ambientais das novas propostas lexislativas.
- Examinar as propostas lexislativas pendentes.
- Introducir un novo método de simplificación da lexislación en vigor. A presente comunicación establece a formulación revisada da Comisión para futuras tarefas de simplificación"⁷.

Tras a consulta aos estados membros e ás partes interesadas, as necesidades de simplificación poden reducirse a varias cuestións:

⁷ http://ec.europa.eu/prelex/detail_dossier_real.cfm?CL=en&DosId=193469

- a) Clarificación e mellora da lexibilidade da lexislación: como consecuencia de traspoñer as directivas da UE en lexislación nacional, xérase certa incerteza xurídica.
- b) Actualización e modernización do marco regulador: moitos dos textos xurídicos teñen definicións que non se axustan á realidade técnica, económica e sectorial. Isto mesmo sucede con algúns procedementos.
- c) Redución dos custos administrativos: factores como problemas de rixidez, complexidade innecesaria, a excesiva burocracia dos procedementos, etc., prexudican seriamente as pemes pola súa falta de recursos humanos.
- d) Mellora da coherencia do acervo: isto prodúcese como resultado da coordinación insuficiente ou de incoherencias entre os actos da lexislación europea.
- e) Mellora da proporcionalidade do acervo: moitas disposicións son excesivamente preceptivas, desproporcionadas e custosas en relación cos seus obxectivos.

No Consello Europeo de primavera, de marzo de 2005, os dirixentes da UE déronlle máxima prioridade política ao crecemento e ao emprego; a estratexia renovada de Lisboa supuxo un novo compromiso de todos de poñerse en movemento para levar a cabo un programa de reformas positivo. Alúdese a un gran cambio na Unión Europea, dándolle un novo impulso ao crecemento e ao emprego. "Para que as nosas empresas europeas, especialmente as pemes compitan nun marco mundial e sexan cada vez máis competentes, deben poder extraer forzas dun mercado interior de magnitude europea, un mercado sen obstáculos nin exceso de trámites administrativos no que as normas sexan previsibles e as empresas dinámicas poidan prosperar"⁸. Un dos requisitos principais é a aplicación de políticas macroeconómicas, para o cal é preciso que a

⁸ http://www.la-moncloa.es/NR/rdonlyres/30134D2E-0F2D-43D4-AA6B-0A96165DFF2B/74860/InformeProgresoLisboa_enero2006.pdf



Unión Europea cree un clima propicio para invertir, innovar e traballar. Se as empresas son liberadas de trámites administrativos innecesarios e de anticuados controis burocráticos, poderase fomentar a expansión das empresas existentes. "As institucións comunitarias e os estados membro teñen unha responsabilidade compartida respecto á calidade do ámbito regulamentario. A comisión potenciou os seus esforzos para mellorar a calidade da lexislación comunitaria"⁹.

Dentro das accións a favor do crecemento e do emprego, cómpre sinalar as diferenzas entre os estados membro en canto ao tempo para iniciar unha actividade empresarial. A este respecto, a Comisión sinala unhas medidas para liberar o potencial empresarial:

- Os estados membro han de crear un portelo único que permita levar a cabo os trámites administrativos, antes do 2007 . Desta forma, reduciríanse considerablemente os tempos de creación dunha empresa.
- A simplificación de procedementos administrativos e redución da burocracia conseguírase adoptando e aplicando unha metodoloxía que calibre a carga administrativa.

⁹ http://www.la-moncloa.es/NR/rdonlyres/30134D2E-0F2D-43D4-AA6B-0A96165DFF2B/74860/InformeProgresoLisboa_enero2006.pdf



Capítulo II: A simplificación administrativa en España

2.1 Sociedade limitada nova empresa

O punto de partida témolo na Unión Europea na Recomendación da Comisión do 22 de abril de 1997 sobre a mellora e a simplificación das condicións para a creación de empresas onde se sinalaban os problemas aos que lles tiñan que facer fronte os emprendedores e as empresas en xeral, e, do mesmo xeito, sinalábanse unhas recomendacións para solucionarlas tales como:

- As destinadas a reducir e simplificar as cargas administrativas que soportan as empresas.
- A coordinación entre os servizos públicos.
- Puntos de contacto único para a creación de empresas.
- Formularios para o mesmo fin.

A iniciativa Nova Empresa é un proxecto que recolle estas recomendacións e

materializounas no Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE). Co sistema de tramitación telemática do CIRCE, conseguiuase reducir ata 15 veces os prazos medios de constitución de sociedades polo método tradicional, co conseguinte aforro de tempo e diñeiro para os emprendedores españois. A Nova Empresa ten como obxectivos xerais:

- proporcionar un marco xurídico e contable simplificado especialmente adaptado ás necesidades e á forma de operar das microempresas;
- crear unha rede de centros de asesoramento, información e tramitación que lles facilite aos emprendedores o acceso a un mecanismo sinxelo e rápido de creación de empresas;
- reducir os custos de transacción das empresas coas administracións públicas, simplificando os trámites e procedementos administrativos.

Para a consecución de todos estes obxectivos, márcanse unhas liñas de actuación:

- posta en marcha das empresas dunha forma máis rápida e menos custosa;
- mellorar a lexislación e regulamentación relativa á creación de empresas;
- axilizar as relacións entre a administración e as empresas mediante o uso de medios telemáticos (administración electrónica);
- adaptación da lexislación mercantil ás microempresas e da fiscal durante ao principio da actividade empresarial.

A nova empresa apóiase nunha nova metodoloxía administrativa e na potenciación dos servizos de asesoramento integral, tanto presenciais coma telemáticos. A finalidade deste proxecto "é crear un maior número de empresas e que estas, unha vez constituídas, sexan sólidas e competitivas"¹⁰. Neste sentido, tanto o emprendedor coma os organismos que interveñen na súa constitución teñen obxectivos concretos. O emprendedor persegue asesoramento personalizado antes de constituír a súa empresa e unha vez constituída. Dentro

¹⁰ <http://www.socinfo.info/contenido/pdf9/P32-34empresa.pdf>

dos servizos que ofrece o CIRCE para fomentar a información, asesoramento e tramitación telemática, destacamos:

- O portal peme, formado por un conxunto de contidos multimedia co fin de proporcionarlles servizos de información e asesoramento aos emprendedores mediante internet, situados no web da Dirección General da Política de la Pyme (www.ipyme.org) e no portal CIRCE (www.circe.es).
- A rede de creación de empresas, constituída polos puntos de asesoramento e tramitación (PAIT), orientada ao asesoramento e á prestación de servizos presenciais aos emprendedores, tanto na xestión, tramitación telemática e posta en marcha das súas iniciativas empresariais, coma durante os seus primeiros anos de actividade.
- O sistema de tramitación telemática (STT-CIRCE), concibido como un sistema informático de expedientes electrónicos da creación de empresas, baseado nun Documento Único Electrónico (DUE).

O CIRCE proporciona servizos da administración electrónica de comunicación e interacción, e proporciona información de utilidade en todo o relacionado coa creación de empresas (formas xurídicas, financiamento, fiscalidade, I+D+i, trámites administrativos de constitución e posta en marcha, axudas públicas...) Concretamente, o portal do CIRCE ofrece os seguintes servizos:

- información sobre a sociedade limitada nova empresa;
- o emprendedor que está a constituír a súa sociedade pode seguir o estado da súa tramitación en tempo real;
- os puntos de asesoramento (PAIT) teñen a posibilidade de ver o estado dos trámites iniciados por eles;
- solicitude *on-line* da reserva da denominación social cando se opta polo procedemento de constitución manual;
- posibilidade de que os actores intervinientes no proceso de constitución

poidan realizar os trámites no caso de non funcionamento dos seus sistemas.

Respecto aos servizos de transacción, o trámite de creación dunha nova empresa por medios informáticos e telemáticos é un claro exemplo de administración electrónica multitrámite e multiadministración, no que interveñen todos os organismos competentes na creación e posta en marcha dunha sociedade mercantil. Co procedemento telemático, o emprendedor só ten que ir ao PAIT e ao notario, posto que o CIRCE fará a tramitación ante os organismos competentes baseándose nos datos introducidos no Documento Único Electrónico. O DUE é un formulario de natureza telemática que recolle todos os datos referentes á sociedade nova que deben remitirse aos rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social inherentes ao inicio da súa actividade.

O proxecto nova empresa implica, polo tanto, dúas cousas: en primeiro lugar, a simplificación e mellora da constitución de empresas. Para a consecución deste obxectivo, o elemento clave é o centro de información e a rede de creación de empresas e o seu sistema de tramitación telemática; en segundo lugar, que as empresas sexan máis sólidas e competitivas; isto conséguese co fin de axudalo na posta en marcha da súa iniciativa empresarial.

Os datos da Dirección General de Política de la PYME indícanos a situación de España na actualidade (datos do 23/10/2006). As seguintes táboas reflicten a porcentaxe do número de empresas creadas por comunidade autónoma e PAIT¹¹.


Táboa 2: Datos comparativos nas distintas comunidades autónomas respecto ás empresas constituídas e media de días hábiles

¹¹ estadísticas.SLNE23102006doc

	MEDIA DÍAS HÁBILES	EMPRESAS CONSTITUÍDAS
MADRID	1,54	770
GALICIA	1,44	493
CANARIAS	2,44	184
COMUNIDADE VALENCIANA	2,66	175
ANDALUCIA	1,89	149
CASTELA E LEON	2,4	122
REXIÓN DE MURCIA	3,19	96
CATALUÑA	6,11	51
PRINCIPADO DE ASTURIAS	5,18	38
A RIOXA	1,88	35
CASTELA -A MANCHA	1,6	23
EXTREMADURA	2,4	10

Fonte: “Dirección General de la Política de la PYME”

Os datos desta táboa indican claramente as diferenzas tan grandes que existen entres as diferentes comunidades autónomas.





2.1.1 Lei 7/2003, do 1 de abril, sociedade limitada nova empresa

A sociedade limitada nova empresa é unha nova forma xurídica de empresa creada ao abeiro da Lei 7/2003, do 1 de abril. É unha sociedade cuxo capital está dividido en participacións sociais na cal a responsabilidade das débedas sociais está limitada ás achegas dos socios.

A presente regulación acomete o compromiso de reforzar o espírito innovador e emprendedor que lles permita ás nosas pemes afrontar os retos que formula o Mercado Único. Do mesmo xeito, establece un marco normativo mercantil e administrativo capaz de estimular a actividade empresarial e mellorar a posición competitiva das pemes no mercado, dándolle cumprimento aos compromisos da Carta Europea.

Todas estas previsións materialízanse en actuacións que teñen que comezar pola

simplificación dos trámites na constitución de empresas e polo uso da asistencia técnica necesaria para axudalas tanto nos momentos previos á súa constitución coma durante os seus primeiros anos de actividade. Esta lei 7/2003, do 1 de abril, intenta resolver tres problemas concretos: as dificultades de financiamento, a perda de control da xestión polos socios que teñan a maioría e os problemas de supervivencia da sociedade da sucesión xeracional.

Co obxecto de axilizar ao máximo os trámites administrativos, considérase a posibilidade de facer estes por medios telemáticos, isto tradúcese no DUE. A análise por separado deste documento único electrónico aparece recollida na disposición adicional oitava, que o define como "aquele no que se inclúen todos os datos referentes á Sociedade Nova Empresa que deben remitirse aos rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social inherentes ao inicio da súa actividade. As remisións e recepcións do DUE limitaranse a aqueles datos deste que sexan necesarios para a realización dos trámites competencia do organismo correspondente"¹².

A Lei 7/2003 ten por obxecto a creación de empresas baseándose no uso intensivo das tecnoloxías da información e das comunicacións que supón a posta en marcha dunha forma máis rápida e menos custosa. A Orde ministerial 1371/2003, do 30 de maio, regula o procedemento polo que se crea e adxudica o código alfanumérico (IDE-CIRCE), que forma parte da denominación social con independencia da forma de tramitación usada.

Os centros de portelo único empresarial, creados ao abeiro do protocolo do 26 de abril de 1999, mediante os correspondentes instrumentos xurídicos de cooperación con comunidades autónomas e entidades locais, poderán realizar as funcións de orientación, tramitación e asesoramento para a creación e desenvolvemento da sociedade limitada nova empresa. A mencionada orde dítase

¹² http://noticias.juridicas.com/base_datos/Privado/17-2003.html



para establecer as prescricións tecnolóxicas e os requisitos que deben cumprir aqueles portelos únicos empresariais. Os centros de portelos únicos empresariais prestarán, de forma universal e gratuíta, servizos de información e asesoramento sobre as características e beneficios das sociedades limitadas nova empresa, así como a súa tramitación. Tanto nos centros de "portelo único empresarial" coma no portelo único virtual incorpórase toda a información necesaria para a creación, desenvolvemento e tramitación da sociedade limitada nova empresa.

A remisión electrónica do documento único electrónico farase polo funcionario coordinador de cada portelo único empresarial designado polo Ministerio de Administracións Públicas ou a persoa en quen este delegue.

Os servizos en internet do portal pyme, da Dirección General de Política de la Pyme, do Ministerio de Economía, incluírá un enlace ao dominio www.vue.es e información sobre a localización dos centros no portelo único empresarial. Outro dos avances máis destacados respecto á simplificación administrativa son as PAIT mencionadas con anterioridade

Son puntos de asesoramento a onde acoden os novos emprendedores para asesorarse en todos os niveis dos pasos que han de seguir. Para que un organismo poida ser parte da Rede Circe como punto de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT) son necesarios uns requisitos legais. Na Lei 2/1995, do 23 de marzo, concretamente a súa disposición adicional oitava defíneos como "oficinas pertencentes a entidades públicas ou privadas dende onde se asesorará e prestará servizos aos emprendedores, tanto na definición e tramitación administrativa das súas iniciativas empresariais coma durante os primeiros anos de actividade destas. Para que unha entidade poida constituírse en PAIT, deberá asinar un convenio co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio".

Da definición exposta con anterioridade podemos extraer dúas conclusións: por un lado, a achega informativa e de asesoramento (axudas públicas, fiscalidade,

Seguridade Social...) e, por outro, o inicio do trámite administrativo de creación da sociedade., é dicir, cumprir o DUE e iniciar a súa tramitación telemática e realizar a solicitude do código IDE-CIRCE e a reserva da denominación social cando así o solicite un emprendedor que opte á tramitación presencial. Os PAIT han de cumprir coa Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal no referente aos datos que figuren no DUE.

O programa que facilita cumprir o documento único electrónico chámase PACDUE; o acceso por parte de cada técnico do PAIT que se vaia tramitar telematicamente faise a través dun certificado persoal de sinatura electrónica.

En canto ao procedemento, podemos sinalar dúas fases: unha delas é a sinatura do convenio entre o organismo correspondente e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e a outra, os traballos técnicos de instalación e posta en marcha do PACDUE. Unha vez que conclúan estas etapas, acórdase entre as partes unha data de entrada en funcionamento das novas oficinas e os seus datos incorpóranse no mapa de PAIT da web CIRCE (www.circe.es).

Nas seguintes táboas ponse de manifesto o número de sociedades limitadas de nova empresa creadas nas distintas comunidades autónomas¹³.


Táboa 3: Datos comparativos de constitución de sociedades limitadas nova empresa nas distintas comunidades autónomas, tanto polo sistema de portelo, por vía telemática e os totais de empresas constituídas, ano 2005



ANO 2005	SOCIEDADE LIMITADA NOVA EMPRESA		
	PORTELO	TELEMÁTICAS	TOTAIS
ANDALUCÍA	87	15	102
ARAGÓN	14	0	14
ASTURIAS	17	4	21
BALEARES	15	0	15
CANARIAS	61	69	130

¹³ <http://www.rcm.es/scripts/urs/home.asp>

CANTABRIA	10	0	10
CASTELA-LEÓN	20	40	60
CASTELA - A MANCHA	19	4	23
CATALUÑA	62	0	62
CEUTA E MELILLA	0	0	0
COM. VALENCIANA	68	26	94
EXTREMADURA	6	2	8
GALICIA	41	141	182
MADRID	71	152	223
MURCIA	22	21	43
NAVARRA	5	0	5
PAÍS VASCO	2	0	2
A RIOXA	5	17	22
TOTAL	525	491	1016

Fonte: "Rexistro Mercantil"






Táboa 4: Datos comparativos por comunidades autónomas correspondentes a sociedades anónimas, sociedades limitadas e outras, ano 2005

REXISTRO MERCANTIL	TOTAIS (SOCIEDADES ANÓNIMAS, SOCIEDADES LIMITADAS E OUTRAS)
ANDALUCÍA	23.586
ARAGÓN	3.166
ASTURIAS	1.770
BALEARES	4.472
CANARIAS	5.793
CANTABRIA	1.173
CASTELA-LEON	4.592
CASTELA - A MANCHA	5.191
CATALUÑA	26.560
CEUTA E MELILLA	202
COM. VALENCIANA	17.161
EXTREMADURA	1.644
GALICIA	6.506
MADRID	25.364
MURCIA	4.935
NAVARRA	1.349
PAIS VASCO	4.953
A RIOXA	701
TOTAIS	139.118

Fonte: "Rexistro Mercantil"



Pasos para crear unha sociedade limitada de nova empresa:

- Cubrición do Documento Único Empresarial: Realízase no PAIT mediante o programa facilitador –PACDUE–. Xérase a razón social da nova empresa e esta incorpórase ao DUE.
- Cita co notario.
- Reserva no Rexistro Mercantil Central. Unha vez iniciado o proceso, o Sistema de Tramitación Telemática do CIRCE solicítalle a reserva de razón social previamente xerada ao Rexistro Mercantil Central, o cal envía a través do CIRCE o número de referencia e un asento de presentación correspondentes á solicitude que se lle deba presentar ao notario.
- Xeración escritural: O STT-CIRCE envíalle os datos correspondentes do DUE, asinados electronicamente, ao notario, o cal outorgará a escritura tras a

comprobación do desembolso de capital social por parte do empresario e da certificación da denominación social emitida polo RMC.

- Solicitud de CIF provisional. O notario envíalle a través do CIRCE a escritura pública á Administración tributaria, xunto cos datos do DUE, solicitando o CI provisional. Unha vez que o recibe, a Axencia Tributaria envíalle o CI provisional ao notario a través do CIRCE, asinado electronicamente.
- Liquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentais.
- Solicitud de alta na seguridade social. Tamén se realiza a través do CIRCE dende o notario e ten como requisito previo dispoñer do CI provisional; os datos correspondentes do DUE envíanse á Tesourería da Seguridade Social para inscribir a empresa e xerar o seu código de conta de cotización. O rexistro mercantil provincial correspondente cualifica a escritura, efectúa a inscrición se procede e devólvelle os datos da inscrición asinados electronicamente ao CIRCE, os cales lle son reenviados ao notario e á Axencia Tributaria.
- Escritura definitiva.
- Solicitud de CIF definitivo.

2.1.2 O RD 682/2003 sobre o sistema de tramitación telemática

O RD 682/2003 regula o sistema de tramitación telemática no artigo 134, e na disposición adicional oitava da Lei 2/1995 de sociedades de responsabilidade limitada, as VUE deberán someterse á Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

Protección de datos persoais (artigo 8 do RD 682/2003): "os PAIT unicamente poderán solicitar datos persoais directamente dos seus titulares co consentimento explícito destes, e só na medida necesaria para a realización dos trámites considerados neste real decreto. O tratamento dos datos persoais que se precisen para a tramitación telemática establecida neste real decreto estará sometido á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal".

2.1.3 Lei 24/2005 de reformas para o impulso da produtividade

No ano 2005 publicouse a Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso da produtividade, que introduce un cambio na lexislación de nova empresa. A través desta lei prodúcense uns cambios notables. Modificáronse os artigos 131 e 140 da Lei 2/1995. No primeiro deles faise alusión á denominación social baseada no uso dos apelidos e do nome dun dos socios, seguidos dun código alfanumérico. SÓ será obrigatorio no momento da constitución da sociedade. O segundo deles dálles liberdade aos socios para elixir unha denominación social obxectiva ou de fantasía.

Para o caso, a modificación da denominación social que se realice dentro dos tres meses seguintes á constitución da sociedade engádese á disposición adicional primeira. No caso de empresas xa constituídas con anterioridade á entrada en vigor desta lei, a non remuneración de aranceis notariais e rexistrais será nos tres primeiros meses a partir da entrada en vigor desta lei.

En canto ao procedemento, no caso de cambio da denominación social, tamén se

modificou. Se o cambio é voluntario e se opta por unha denominación social obxectiva, a denominación social poderase facer de forma presencial, por correo ou mensaxería ou por internet, nas oficinas centrais do Rexistro Mercantil de Madrid; mediante o notario que autoriza a escritura de cambio de denominación social. A certificación remitiráselle a ese notario con sinatura electrónica recoñecida do rexistrador titular do Rexistro Mercantil Central.

Se o cambio é obrigatorio como consecuencia da perda da condición do socio titular da denominación social, poderase optar por unha denominación obxectiva ou subxectiva

2.2 Servizo de atención cidadá e Plan xeral de simplificación

Resolución do 19 de xullo de 2005 da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se dispón a publicación do acordo do Consello de Ministros do 15 de xullo de 2005 para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán en colaboración coas comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local.

O Consello de Ministros adoptou un acordo que impulsa o desenvolvemento dun novo modelo para as relacións entre os cidadáns e a Administración pública. O conxunto de servizos que se vaian prestar corresponderalles aos diversos niveis administrativos, tanto estatal coma autonómico ou local; ademais, o cidadán poderá acceder aos devanditos servizos mediante unha rede de oficinas integrais cuxa titularidade lles corresponderá ás diferentes administracións públicas (060 Servizo de Atención Cidadá). En estados democráticos avanzados, as políticas públicas en materia de modernización administrativa están orientadas por conceptos de racionalización, mellora, eficiencia e servizo aos cidadáns. Este servizo do 060 ten como obxectivo ofrecerlles un servizo integral ás necesidades que poidan ter os cidadáns; preténdese optimizar a pluralidade de administracións

públicas que hai no noso país en beneficio dos cidadáns. A xeito de exemplo, en canto aos avances, podemos sinalar varias iniciativas, aínda que o alcance destes proxectos de momento é limitado, por varios motivos¹⁴:

- Portelo único: porque o cidadán só pode presentar escritos, comunicacións e solicitudes no seu concello, sen que poida obter información e asistencia previa, e sen que de aí se siga unha maior implicación deste no resto do procedemento.
- Portelo único empresarial: serve a un ámbito reducido da cidadanía e atópase con varias dificultades para constituírse como servizo universal ao alcance de todos os emprendedores de calquera localidade.
- Centro de Información e Rede de Creación de Empresas: porque só afecta a unha forma societaria (sociedade limitada nova empresa), sen que as súas vantaxes se estendan ás restantes.

Respecto ao Plan xeral de simplificación, podémolo englobar en tres ámbitos moi concretos

1 Necesidade dunha política de simplificación: A orixe desta necesidade é a incidencia inmediata que ten a actividade das administracións públicas nas actividades privadas e, polo tanto, no crecemento económico. En España, existen numerosas administracións públicas que, ao exercer as súas facultades e competencias de regulación, xestión e decisión, inciden de forma concorrente nas actividades dos cidadáns e no sector privado. Hoxe en día, elementos como definición, desenvolvemento e execución de políticas públicas de simplificación administrativa son a base para a acción dos gobernos sobre administracións públicas; "a redución das cargas e as barreiras burocráticas que a actividade administrativa impón converteuse no correlato indispensable das medidas de

¹⁴ <http://www.060.es/canales/legislacion/servicios/disposiciones/33033-ides-idimp.jsp>

liberalización económica e fomento da iniciativa privada e da libre competencia"¹⁵. A simplificación administrativa podemos definila como un proceso permanente susceptible de cambios na redefinición dos seus obxectivos.

2 Instrumentos para unha política de simplificación: a finalidade principal da simplificación non é outra que crear as mellores condicións para facer posible un maior crecemento económico. O Goberno pon á disposición do cidadán todas as ferramentas posibles para mellorar as súas relacións coa Administración Xeral do Estado, para o cal creou a Comisión interministerial de Simplificación Administrativa, formada por todos os ministerios e a presidencia da cal lle corresponde ao MAP. O obxectivo principal desta Comisión, recollido no RD 670/1999, do 23 de abril, é o estudo de todas as medidas que se lle presenten respecto á mellora das relacións da Administración pública co cidadán.

3 Definición dos obxectivos da simplificación: utilización intensiva das tecnoloxías da información e da comunicación na actividade administrativa, redución dos requirimentos de achega documental polos cidadáns, participación e implicación da sociedade civil.

2.3 Avances tecnolóxicos:

2.3.1 Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

A finalidade desta lei é incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 2000/31/CE do Parlamento Europeo e do Consello o comercio electrónico no mercado interior; concretamente, Directiva sobre o comercio electrónico. Sinala a

¹⁵ http://www.060.es/administracion_publica

grande expansión de redes de comunicacións. Concretamente, definen Internet como o "vehículo de transmisión e intercambio de todo tipo de información"¹⁶. ; ademais, este servizo ofrece infinidade de vantaxes tanto a nivel económico coma social. Con carácter xeral, esta lei aplícase aos prestadores de servizos establecidos en España e aos que, sen ser residentes en España, prestan servizos da sociedade da información a través dun establecemento permanente situado en España. Un establecemento é aquel lugar dende o cal se dirixe e xestiona unha actividade económica. Esta definición está inspirada no concepto de domicilio fiscal recollido nas normas tributarias españolas e resulta compatible coa noción material de establecemento do dereito comunitario. A lei prevé que tanto cidadáns coma entidades con personalidade xurídica propia se poidan dirixir aos distintos ministerios e órganos administrativos para obter a información que precisen; para a consecución disto, é necesario establecer mecanismos que aseguren a máxima coordinación entre eles e a homoxeneidade e coherencia da información subministrada aos usuarios.

O 15 de novembro do 2006, David Cierco, director xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, afirmou que "os programas Cidadanía Dixital e Cidades Dixitais 2, que darán continuidade no 2007 a Cidades Dixitais e Cidades Singulares, estarán dotados con 20 e 17 millóns de euros respectivamente"¹⁷. Así mesmo, aludiu ao programa Pista Administración Local, a través do cal se instalaron máis de 2.700 portais, dos cales se benefician millóns de cidadáns, unha alta porcentaxe dos cales son residentes nos correspondentes municipios. A liña Avanza local, incluída na área de Servizos Dixitais do Plan Avanza, centrouse na modernización das entidades locais co desenvolvemento da e-Administración nos concellos; especialmente, nos pequenos e medianos. Para a consecución destes fins, é necesario un programa integrado de actuacións que garanta a súa

¹⁶ http://noticias.jurídicas.com/base_datos/admin/134-2002.html

¹⁷ <http://www.planavanza.es/Portada/CiudadaniaDigitalCiudadesDigitales.htm>

presenza en internet, ferramentas e servizos básicos de xestión baseados nas TIC, o desenvolvemento e a extensión de servizos en liña a cidadáns e empresas e a integración de servizos cos doutras administracións¹⁸. Para rematar, destacamos as liñas de actuación en incluídas no Plan Avanza: "Avanza Cidadanía" e "Avanza Pyme". Na primeira delas, destacamos os empréstitos a interese cero para fomentar o uso das TIC entre novos e universitarios, así como as convocatorias de axudas para proxectos dirixidos á inclusión de maiores e minusválidos na Sociedade da Información e ao impulso da igualdade de xénero neste ámbito; sinalamos os empréstitos TIC na segunda, "os obxectivos da cal son financiarlles ás microempresas e pequenas e medianas empresas actuacións de incorporación das TIC; ademais, nesta liña inclúense o impulso da factura electrónica e os distintos programas de axudas para o apoio á I+D+i e para o acceso á Sociedade da Información "¹⁹.

2.3.2 Lei 59/2003 do 19 de decembro, sinatura electrónica

Unha consecuencia do desenvolvemento da sociedade da información é a confianza da cidadanía nas comunicacións telemáticas. A sinatura electrónica permite comprobar a procedencia e integridade das mensaxes intercambiadas mediante redes de telecomunicacións. A través de certificados electrónicos, emitidos polos prestadores de servizos de certificación, é posible o emprego de sinatura electrónica. Os certificados electrónicos "son documentos electrónicos que relacionan as ferramentas de sinatura electrónica en poder de cada usuario coa súa identidade persoal, dándoo así a coñecer no ámbito telemático como asinante"²⁰.

¹⁸ <http://www.planavanza.es/Portada/CiudadaníaDigitalCiudadesDigitales.htm>

¹⁹ <http://www.planavanza.es/Portada/CiudadaníaDigitalCiudadesDigitales.htm>

²⁰ http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/159-2003.htm

Os prestadores de servizos de certificación están obrigados por lei á tutela e xestión permanente dos certificados electrónicos que expidan e a manter un servizo de consulta sobre o seu estado de vixencia. Nesta lei tamén se recollen os certificados recoñecidos, é dicir, certificados electrónicos que se expediron cumprindo os requisitos cualificados en canto ao seu contido, aos procedementos de comprobación da identidade do asinante e á fiabilidade e garantías da actividade de certificación electrónica. No capítulo II, artigo 11, recóllese expresamente o concepto e contido destes certificados recoñecidos. "Son certificados recoñecidos os certificados electrónicos expedidos por un prestador de servizos de certificación que cumpra os requisitos establecidos nesta lei en canto á comprobación da identidade e demais circunstancias dos solicitantes e á fiabilidade e as garantías dos servizos de certificación que presten"²¹.

Podemos definir a sinatura dixital como "un conxunto de datos asociados a unha mensaxe, que permite asegurar a identidade do asinante e a integridade da mensaxe"²². "O asinante xerará mediante unha función un resumo ou pegada dixital da mensaxe, o cal a cifrará coa súa clave privada e o resultado é o que se chama sinatura dixital, que enviará adxunta á mensaxe orixinal"²³.

Un dos puntos de partida máis significativos respecto á revolución tecnolóxica foi o proxecto CERES que puxo en marcha a Administración; principalmente, consiste en establecer unha entidade pública de certificación que permita autenticar e garantir a confidencialidade das comunicacións entre cidadáns, empresas ou outras institucións e administracións públicas a través das redes abertas de comunicación; "as posibilidades de CERES cobren todas aquelas relacións entre as distintas administracións (central, autonómica e local) e os cidadáns que necesiten ser securizadas en termos de garantía de identidade, confidencialidade e integridade, co obxectivo de que Ceres facilite ao máximo as súas relacións a

²¹ http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/159-2003.htm

²² <http://www.cert.fnmt.es>

²³ <http://www.cert.fnmt.es>

través das novas redes de comunicacións"²⁴.

Respecto á confidencialidade, é necesario facer unha análise pormenorizada, posto que é un dos maiores obstáculos aos que se enfrontan os novos emprendedores, probablemente polo descoñecemento ou falta de información que teñen ao respecto. Os sistemas de protección de datos de carácter persoal teñen como función principal a non vulneración dos dereitos dos afectados; isto é, han de garantir a necesidade de confidencialidade, privacidade e calidade; "as medidas legais que proporciona a lexislación española na actualidade son as máis completas e estritas en todo o ámbito mundial. Neste contexto, as normas básicas que hai que ter en conta son a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal"²⁵.

A Lei 15/99, no seu artigo 3, define "dato de carácter persoal" como "calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables"²⁶.

2.3.3 Lei de Administración electrónica

A través desta lei, o Goberno pretende que os cidadáns poidan realizar todos os trámites da Administración pública de forma *on-line* integramente. Preténdese que esta nova lei se aprobe antes de rematar a actual lexislatura, o que supón que o proxecto de lei sexa tramitado no Parlamento ao longo do primeiro trimestre do 2007²⁷. A xestión e administración da sede electrónica corresponde a unha Administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas

²⁴ <http://www.cert.fnmt.es>

²⁵ <http://www.hispasec.com/corporate>

²⁶ <http://www.portaley.com/protecciondatos/vision.shtml>

²⁷ <http://www.pcpyme.es/Actualidad/Noticias/Comunicaciones/Legislación/20061004040>

competencias; a creación destas sedes está suxeita aos principios de publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade e accesibilidade. Outro aspecto ao que alude é o vinculado directamente coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, onde afirma, no artigo 14, que "os cidadáns poderán utilizar outros certificados electrónicos para identificarse e acreditar a súa vontade conforme ao establecido" na normativa sobre sinatura electrónica"²⁸ . As administracións públicas crearán rexistros para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións; estes poderán ser rexistros electrónicos ou ben ser feitos a través de oficinas virtuais de rexistro.

O Ministerio de Administracións Públicas elaborou un plan de medidas 2006-2008 para a mellora da Administración: "Plan Moderniza, a través do cal se establecen novidades en canto á simplificación administrativa. Na Administración Xeral do Estado existen máis de 20.000 oficinas de atención con máis de 1.000 números de teléfono e páxinas web de consulta; o obxectivo que se pretende é un maior achegamento aos cidadáns coa Administración. Outra das particularidades deste plan consiste en poñer ferramentas para a axilización dos trámites administrativos, entre as cales destacamos: redeseñar os procedementos de xestión de persoal, realizar todos os trámites automaticamente e con sinatura electrónica, establecer unha rede interadministrativa en virtude da cal se puxesen en colaboración os ministerios e as comunidades autónomas"²⁹ .

O 17 de novembro do presente ano, o Consello de Ministros aprobou un real decreto en virtude do cal se permite a constitución de sociedades de responsabilidade limitada a través de internet. A tramitación telemática á hora de

²⁸

http://documentos.060.es/participación_ciudadana/información_publica/common/26_Anteproyecto_LAE_v1_0.pdf

²⁹ http://www.map.es/iniciativas/mejora_de_la_administracion_general_del_estado/moderniza/parrafo/00/documentes/Plan_Moderniza.pdf

constitución de empresas tivo, e está a ter, unha gran repercusión, posto que se reducen principalmente os tempos de constitución. Concretamente, o documento único electrónico desenvolvido anteriormente deu paso a novas formas de axuda aos novos emprendedores. Unha das peculiaridades que ten este novo decreto é que os emprendedores que opten pola forma xurídica de sociedade de responsabilidade limitada "poderán beneficiarse dunha rede formada na actualidade por 150 oficinas de tramitación telemática, distribuídas en trece comunidades autónomas"³⁰. Respecto ao sistema de tramitación telemática do centro de información, realizará a tramitación ante os organismos competentes tendo en conta os datos introducidos no DUE. En definitiva, podemos dicir que a finalidade fundamental é que en menos de 72 horas se poida constituír esta sociedade de responsabilidade limitada vía telemática.

Na mesma data, 17/11/2006, Joan Clos, ministro de Industria, Turismo e Comercio, presentou o Anteproxecto de lei de medidas de impulso da sociedade da información, enmarcado no conxunto de medidas que constitúen o Plan 2006-2010: (Plan Avanza) para o desenvolvemento da sociedade da información e de converxencia con Europa e entre as comunidades autónomas. O anteproxecto introduce innovacións normativas para o impulso da sociedade da información en España, concretamente en materia da facturación electrónica e de reforzo do dereito electrónico. Ademais, ten como obxecto "eliminar as barreiras existentes á expansión do uso das tecnoloxías da información e garantir os dereitos dos cidadáns"³¹. Os obxectivos que persegue a lei podemos clasificalos en dous:

- Antes do 31/12/2007, ha de existir cobertura total do territorio nacional. É dicir, ha de haber dispoñibilidade plena de accesos de banda ancha.
- Preténdese implantar a prestación de servizos telemáticos para a cidadanía, co conseguinte incremento de produtividade das empresas.

³⁰ <http://www.madrimasd.org/informacionidi/noticia.asp?id=28136>

³¹ <http://www.planavanza.es/Portada/LeydeMedidasdeImpulsodelaSociedaddeLaInformación>


Outro aspecto importante desta lei é que se lles impón ás empresas a obriga de facilitar un medio de interlocución telemática cos seus clientes, baseado en certificados de sinatura electrónica. Ademais, refórzase o papel do DNI electrónico, a implantación plena do cal se prevé para o 2008. En definitiva, esta nova lei proporciona novas ferramentas para que a relación administración-cidadáns vaia paralela aos avances tecnolóxicos.

En España, como membro da Unión Europea, tamén se produciron avances significativos segundo os datos da Subdirección General de Apoyo de las Pyme. Comprobamos nas seguintes táboas a evolución producida en España dende o ano 2000 ata o 2005 respecto ás formas xurídicas de creación de empresas.

Táboa 5: Datos relativos á evolución de diferentes formas xurídicas en España

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
persóas físicas	1.662.679	1.651.265	1.662.183	1.694.543	1.738.456	1.767.265
sociedades anónimas	131.079	129.349	126.529	124.468	122.579	121.441
sociedade de responsabilidade limitada	612.374	667.441	716.542	773.151	839.958	918.449
sociedade colectiva	548	503	471	426	456	406
sociedade comanditaria	127	127	117	112	114	100
comunidad de bens	73.511	75.503	76.631	79.248	88.737	94.898
sociedade cooperativa	23.456	24.210	24.867	25.679	25.557	25.801
asociacións	86.070	91.386	97.501	107.559	118.413	127.414
organismos autónomos	5.548	5.533	5.559	7.973	8.313	8.355

Fonte: "Dirección General de Política de la Pyme"



Capítulo III: Simplificación administrativa en Galicia

3.1 Reforma administrativa da Xunta de Galicia

A principios dos anos noventa, comezou o proceso de reforma da Xunta de Galicia, baseado principalmente na consecución dunha Administración autonómica máis eficaz e eficiente e dunha Administración autonómica orientada ao servizo do cidadán. A Inspección Xeral de Servizos da Xunta de Galicia intentou condensar as funcións da Xunta en dous grandes bloques: por un lado, velar polo cumprimento da legalidade vixente e, por outro, actuar como consultor interno como axuda á mellora do funcionamento da Administración autonómica, constituíndose no órgano motor e dinamizador de toda a actividade administrativa. As actuacións que a Xunta leva a cabo para a reforma administrativa son moitas e moi diversas, das que sinalamos:

- A regulación da función pública de Galicia.
- A codificación normativa.
- O establecemento do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA)
- A creación do Sistema de Información Administrativa e Atención ao Cidadán.
- A formación de dous empregados públicos.
- A avaliación do rendemento das unidades administrativas.

3.2 Sistema SXPA

O Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos implantouse coa finalidade de axudar aos xestores no traballo diario e informar permanentemente da marcha das xestións que fosen realizando. Ademais, este sistema intenta proporcionarlle máis seguridade xurídica á actuación da Administración e ao cidadán, porque exime este último da presentación daqueles documentos xerados noutros procedementos administrativos. A finais dos noventa, formalizouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Relacións



Institucionais e Administración Pública e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a implantación e desenvolvemento dos servizos informáticos e de telecomunicacións. Mediante este convenio instaurouse en máis de 200 concellos de Galicia o portelo único da Administración local, que facilitou a presentación dos documentos aos concellos e os seus cidadáns á Administración autonómica, utilizando a rede privada de Galicia.

A Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia subscribiron o 21 de xuño de 1997 un convenio marco no que se podían adherir a entidades locais do ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Este convenio habilita os rexistros das entidades locais para recibir solicitudes, escritos e comunicacións dirixidas tanto á AGE coma á Comunidade Autónoma de Galicia. Outra finalidade que ten é que as entidades locais teñan potestade para recibir información das administracións e participen na constitución dun sistema informaticamente intercomunicado de rexistros entre as tres instancias administrativas. Ao longo do convenio, déixase claro o compromiso que adoptan as entidades locais adheridas ao convenio marco. Estas son:

"Admitir nos seus rexistros calquera solicitude, escrito ou comunicación dirixido aos órganos da Administración Xeral do Estado e da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas, con independencia da súa localización territorial.

Deixar constancia nos seus rexistros de calquera solicitude, escrito e comunicación, con indicación nos seus asentos do seu número, epígrafe expresiva da súa natureza, data de entrada, data e hora da súa presentación, interesado ou órgano administrativo remitente, persoa ou órgano administrativo ao que se dirixe, así como unha referencia ao contido ou comunicación que se rexistra.

Remitir inmediatamente os documentos, unha vez rexistrados, e, en todo caso, dentro dos tres días seguintes ao da súa recepción, directamente aos órganos ou entidades destinatarios destes. A devandita remisión efectuarase polos medios

máis apropiados para que a súa recepción se produza o antes posible, con especial utilización de medios informáticos, electrónicos e telemáticos nos que sexa posible e se cumpran os requisitos e garantías establecidos na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común"³².

O portal <http://www.eidolocal.es>, instaurado hai tempo, forma parte do plan estratéxico para a implantación da administración electrónica. Esta acción é promovida pola Administración autonómica de Galicia e os servizos que presta están abertos á participación dos propios concellos e doutras institucións. Unha manifestación disto é que no 2002 a Xunta de Galicia e as catro deputacións provinciais asinaron un convenio coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre para a prestación de servizos de sinatura electrónica.

"O acceso a Internet dos sistemas da Xunta de Galicia implica garantir a seguridade das comunicacións dentro dun ámbito público, extenso e aberto. Para garantir esta seguridade úsanse certificados dixitais facilitados pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, que actúa en todo proceso electrónico garantindo:

- Que a persoa coa quen nos comunicamos sexa a que di (autenticación).
- Que a mensaxe non foi modificada (integridade)
- Que alguén non autorizado poida lelo (confidencialidade)
- Que non se poderán rexeitar os documentos asinados electronicamente cumprindo todos os requisitos"³³.

O plan de reforma administrativa, co obxectivo de conseguir unha Administración autonómica eficaz e ao servizo do cidadán, concretouse en varias actuacións tales como: regulación da función pública de Galicia, establecemento do sistema de xestión de procedementos administrativos, creación do sistema de información administrativa e atención ao cidadán, refundición normativa, regulación de cursos

³² <http://www.eidolocal.es>

³³ http://www.xunta.es/galicia2004/gl/03_01_01.htm



para directivos e de perfeccionamento para os mandos intermedios de organización, avaliación do rendemento das unidades administrativas.

Para tal fin, creouse un centro directivo, chamado a Inspección Xeral de Servizos, que impulsase directamente algunhas das accións emprendidas e colaborase noutras coas direccións xerais encargadas de levalas a cabo, dinamizando todo o proceso de reforma. Dentro do proxecto de reforma administrativa, a Xunta de Galicia desenvolveu e implantou un Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos con destino a todas as consellerías e delegacións provinciais da Xunta de Galicia. Este sistema é unha ferramenta informática que permite definir procedementos, tramitar expedientes baixo procedementos previamente definidos e obter información de xestión e seguimento. Permite cubrir de xeito global a problemática da xestión de procedementos administrativos dende o punto de vista dos axentes involucrados nestes: cidadáns, xestores e directivos. A nivel organizativo, o SXPA afecta a todas as consellerías da Xunta, incluíndo as delegacións provinciais e, a nivel procedemental, a todos os procedementos que tramita a Xunta que se inician a pedimento do cidadán.

Un dos servizos máis importantes é que lles proporciona información aos usuarios sobre o estado dos seus expedientes e permite coñecer os índices de xestión das diferentes unidades tramitadoras. Tamén fai posible que un cidadán obteña directamente información dos seus expedientes, "portelo único". Dentro da información e seguimento, sinalamos varias funcións como información de expedientes pendentes por unidade tramitadora, información de expedientes pendentes por procedemento, listaxes de expedientes pendentes por procedemento e unidade administradora, listaxes de expedientes finalizados por procedemento, portelo único.

Ademais, o SXPA xera informes mensuais por unidade tramitadora que se distribúen a través da Inspección Xeral de Servizos e que inclúen información por procedementos no sistema, iniciados por ano, tramitados, finalizados, pendentes,

etc.

Respecto á administración do sistema, é usada maioritariamente polos técnicos da Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos. Os usuarios que tramitan procedementos co SXPA poden traballar coa función de carga de expedientes, esta permite a introdución de expedientes no sistema con posterioridade á data de inicio real da súa tramitación. O servizo de administración é o encargado de manter en funcionamento óptimo a plataforma informática, en coordinación co Centro de Atención a Usuarios (CAU) e co apoio dos técnicos de sistemas.

Podemos facer un esquema respecto ás tarefas que desenvolven os administradores:

- Administradores da aplicación. Encárganse de manter os diferentes servizos prestados polos servidores das aplicacións.
- Administradores de bases de datos. As informacións almacénanse en bases de datos, de aí que a seguridade da devandita información dependa en boa medida do bo funcionamento destas.
- Administradores de sistemas. Son os responsables do control dos recursos do sistema, de manter a súa seguridade e a confidencialidade dos datos; todas as actividades se realizan de forma centralizada e para iso dispónse dun conxunto de ferramentas de administración que facilitan a xestión e o mantemento de toda a plataforma.

Centro de Atención ao Usuario. É o único punto de contacto que teñen os operadores e usuarios finais para comunicar as incidencias e consultas que se presenten durante o desenvolvemento do seu traballo. Encárganse, ademais, de coordinar as distintas actuacións no sistema (administración, operación, mantemento, centro de xestión de rede, mantemento da aplicación). Desta forma evítanse confusións e perdas de tempo no momento de identificar e solucionar a



incidencia. O CAU presenta moitas vantaxes: o usuario ten un único interlocutor, existe un único responsable do seguimento de todas as incidencias, recibe diariamente información do resto da organización de todas aquelas situacións que fan necesaria unha parada do sistema ou dun posto de traballo, ten coñecemento exacto de todas as incidencias que estean a afectar aos usuarios, ante situacións imprevistas dispón de toda a información para iniciar un seguimento do problema. No ano 1997 foron creados os servizos de resposta inmediata (SERI) polo RD 216/1997, do 30 de xullo. Son unidades administrativas dentro de cada consellería que se responsabilizan da xestión dunha serie de procedementos iniciados polos cidadáns. Dentro das características destes servizos, destacamos:

- Están, física e visualmente, diferenciados do resto dos servizos da Xunta en cada edificio administrativo.
- Existen tantos como procedementos susceptibles de tramitarse desta forma.
- Son doadamente localizables polos cidadáns polo seu nome e logotipo.
- Dispoñen dos sistemas informáticos que posibilitan a tramitación inmediata.
- O número de SERI é ampliable na medida en que a racionalización dos procedementos faga posible que estes se convertan en procedementos de resposta inmediata.
- Poderán presentar servizos SERI diferentes á Administración autonómica, que subscriban o correspondente convenio de colaboración.

3.3 Alusión á sinatura electrónica como paso importante ás simplificación administrativa

Orde do 25 de novembro do 2004 pola que se establecen as normas específicas do uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informes telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos

adscritos.

Un dos avances máis notables de cara á simplificación administrativa é a sinatura electrónica. Os que fan posible o emprego disto son os prestadores de servizos de certificación.

"para eliminar o carácter limitativo con respecto a outros prestadores de servizos de certificación, e, no mesmo sentido, para unificar o procedemento que deben seguir as relacións por medios electrónicos entre os cidadáns e a Consellería de Economía e Facenda e as súas entidades adscritas, é necesario posibilitar que a sinatura das declaracións e outros documentos que se poidan tramitar por vía telemática ante a Consellería de Economía e Facenda e as súas entidades adscritas, así como a realización doutros trámites administrativos ante ela, se baseen en certificados electrónicos expedidos non só pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou entidade coa que se estableza un convenio específico, senón por calquera outro prestador de servizos de certificación, sempre que se cumpran unhas condicións mínimas imprescindibles para que se poidan manter as debidas garantías nos procedementos"³⁴.

Tanto a Consellería de Economía e Facenda coma os seus organismos e entidades adscritas admitirán os sistemas da sinatura electrónica para garantir as súas relacións cos cidadáns. Os certificados electrónicos deben conter un código identificativo único de certificado, a identificación do prestador de servizos de certificación que expide o certificado, sinatura electrónica avanzada do prestador de servizos de certificación que expide o certificado, identificación do signatario polo seu nome e apelidos, razón social e número de identificación fiscal, os datos de verificación de sinatura que correspondan, os datos de creación de sinatura que se atopen baixo control do signatario, o comezo e o final do período de validez do certificado. Respecto á admisión de certificados electrónicos, no artigo 5 da Orde do 25 de novembro establécese que os prestadores de servizos de

³⁴ <http://www.economiafacenda.org/ga/pub/trib/orden25niv2004.htm>



certificación poderán solicitar a admisión de certificados electrónicos que eles expidan para as relacións que mediante medios electrónicos informáticos e telemáticos teñan lugar entre a Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos, e entidades adscritas e os cidadáns. Delégase no director do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica-Financeira e Contable a facultade de acordar a administración dos certificados electrónicos.

O Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, para os períodos comprendidos entre 2002 e 2005, ofreceulles unha gran variedade de axudas aos grupos de investigación, centros tecnolóxicos e ás empresas, na práctica totalidade das áreas que afectan ao desenvolvemento económico e cultural de Galicia.

Durante o ano 2007, a Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas continuará traballando co obxectivo de conseguir un estadio maior na modernización administrativa da Xunta de Galicia e na mellora da calidade dos servizos prestados, xestionar. Deste xeito continuarase na mellora dos servizos corporativos de informática e comunicacións que se presentan en todas as consellerías atendendo ao mantemento dos sistemas existentes e das necesidades de servizo e de soporte á operativa dos distintos departamentos adaptados ás necesidades que imprime esta modernización da Administración de cara a unha Administración en liña. Traballarase, polo tanto, no desenvolvemento de proxectos directamente relacionados coa administración electrónica, así como no desenvolvemento de servizos en liña que se lle poidan prestar ao cidadán. Estas liñas de acción pódense concretar nos seguintes obxectivos:

- "Mellorar a calidade do servizo prestado dende a dirección xeral, en materia de calidade, informática e de telecomunicacións, aos restantes departamentos da Xunta de Galicia, dándolles resposta aos usuarios dos distintos servizos e sistemas existentes.

- Impulsar a evolución do modelo de avaliación das unidades administrativas co obxectivo de adecuar a actuación administrativa ao esquema do servizo demandado pola sociedade galega, promovendo a súa implantación.
- Participar no proceso de planificación dos novos sistemas que se establezan para o soporte da xestión na organización, co fin de lograr o máximo aliñamento dos sistemas coas políticas e niveis de servizo que a Xunta de Galicia lles quere prestar aos usuarios, cidadáns, empresas e outras administracións, de cara a darlle un impulso ao desenvolvemento de servizos de e-administración.
- Mellorar a coordinación dos servizos informáticos da Xunta, unificando os procedementos de traballo co obxectivo de potenciar a participación das diferentes consellerías na implantación dos sistemas que lles afectan, así como a mellora na integración dos fluxos de información e o aproveitamento dos sistemas dispoñibles.
- Soporte no mantemento da rede corporativa de voz e datos da Xunta de Galicia.
- Darlle un impulso á implantación da e-administración, como base para a mellora da calidade na xestión e o servizo que se lles presta aos cidadáns.
- Establecer relacións e colaboración en materia de modernización administrativa"³⁵.

³⁵ http://www.economiafacenda-org/arquivos/ga/pub/orza-2007/pr/MEMORIA_II_03

Capítulo IV: Da teoría á práctica

Os cambios requiridos pola Estratexia de Lisboa para conseguir o obxectivo da simplificación administrativa implican accións diferentes segundo a situación concreta de partida en cada un dos estados membros. Co fin de ter unha visión global da situación actual na Comunidade Autónoma de Galicia, realizáronse entrevistas en profundidade³⁶ a expertos dende o punto de vista técnico, político e académico. Estas entrevistas axudan a entender tanto os avances realizados coma os obstáculos que aínda quedan por salvar para conseguir os obxectivos que se propoñen en toda Europa. Tras unha análise do contido das entrevistas, vemos que estas xiran baseándose en dous temas: avances normativos en canto á simplificación administrativa e a Administración ao servizo do administrado:

1 Avances normativos en canto á simplificación administrativa:

As pemes constitúen máis do 95% do tecido empresarial dun país, de aí que todas as melloras que se lles ofrecen tanto aos novos emprendedores coma aos empresarios xa consolidados sexan constantes. Á simplificación administrativa déuselle máis auxe a finais do século XX debido fundamentalmente a que se converteu nunha acción prioritaria para a UE tras a eliminación das barreiras. A finalidade que se pretende é establecer os mesmos criterios en todos os estados membros, para o cal se marcaron unhas pautas xerais para a consecución dos obxectivos que han de fixarse antes do 2010. España, como país integrante da Unión Europea, está a facer progresos respecto deste tema. O lexislador vai modificando a normativa co propósito de adaptar as necesidades do novo emprendedor á realidade. Unha proba diso é a Lei 7/ 2003, do 1 de abril –Lei de sociedade limitada nova empresa–. Esta lei ten por obxecto a creación de

³⁶ A entrevista en profundidade é unha técnica cualitativa na que o entrevistador guía ó entrevistado para dirixir o seu discurso ata os temas nos que interesa profundizar, permitindo na medida do posible o discurso libre e espontáneo do entrevistado.

empresas, baseándose no uso intensivo das tecnoloxías da información e as modificacións que supón a posta en marcha dunha forma máis rápida e menos custosa.

Na disposición adicional oitava fálase do Documento Único Electrónico (DUE), definido como aquel no que se inclúen todos os datos referentes á Sociedade Nova Empresa que, de acordo coa lexislación aplicable, deben remitirse aos rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para a constitución da sociedade. A lei tamén establece que a remisión do DUE se fará mediante o emprego de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas, de acordo co disposto nas normas aplicables ao emprego de tales técnicas, tendo en conta o previsto nas lexislacións específicas, de tal xeito que "o rexistro mercantil, os notarios e rexistradores e facenda están conectados entre si telematicamente, entón hai un formulario, como un documento dixital que vai circulando dun a outro (perfil técnico).

Existe en xeral un gran descoñecemento dos cambios que se realizan no nivel legislativo de cara ás empresas. Tanto as novas leis como as modificacións ás xa existentes afectan aos prazos e requisitos para dar de alta unha empresa, repercutindo de xeito directo nos novos empresarios. Concretamente, coa Lei de sociedade limitada de nova empresa intentáronse reducir os trámites administrativos; "a SLNE é a resposta ao feito de que tramitar sexa lento" (perfil técnico). A SLNE enténdese como "un proxecto piloto" (perfil técnico). O que de verdade é interesante sería facer extensiva esta lei a outras formas xurídicas que son, de feito, máis frecuentes, como a S.L.

O obxectivo primordial desta lei é, sen dúbida ningunha, a simplificación administrativa; é dicir, que os trámites se simplifiquen co fin de aforralles tempo aos novos emprendedores á hora de constituír unha empresa. "A vantaxe da SLNE é que se consegue moita axilidade con respecto á situación anterior. Grazas a iso créase unha nova estrutura de información e asesoramento que axuda a

moita xente non só na axilización de papeis senón no desprazamento" (perfil técnico). Non obstante, a opinión dos nosos expertos indícanos que existen lagoas na nosa lexislación que pouco a pouco se irán puíndo: "A SLNE prepara todos os trámites e recompila toda a información electronicamente, pero tamén depende de intervencións humanas" (perfil técnico).

Outro dos aspectos importantes da SLNE sería o relativo aos requisitos constitutivos recollidos na sección II e na sección III, relativa ao capital social e participacións sociais, dado que "responde ás necesidades dun número limitado de persoas, porque ten unha serie de particularidades: número máximo de socios, capital máximo, uns estatutos predefinidos que están pensados para un tipo de sociedades" (perfil técnico).

Do contido das entrevistas realizadas dedúcese que, en España, os cambios para ofrecerlle facilidades ao emprendedor á hora de poñer en marcha un negocio son lentos. A xestión telemática supón un avance, pero aínda é insuficiente. Ademais, "en España lexíslase mal", no sentido de que "non se teñen en conta as necesidades do empresario cando se establecen novas leis, que a miúdo requiren máis permisos e por tanto máis tempo" (perfil técnico). Suxírese a importancia de que se creen "equipos multidisciplinares para lexislar" (perfil técnico), de tal forma que se poida prever cales serán en termos prácticos as consecuencias dos cambios na lexislación. En palabras dun entrevistado de perfil académico, deberíase facer "dirección por implicación, e a filosofía é esta: as cousas non funcionan se non implicas os protagonistas nelas".

2 A Administración ao servizo do cidadán:

Nos estados democráticos avanzados, as políticas públicas en materia de modernización administrativa están orientadas por conceptos de racionalización, mellora, eficiencia e, sobre todo, servizo ao cidadán. En España existen

numerosas administracións públicas que, ao exercer as súas facultades e competencias de regulación, xestión e decisión, inciden de forma concorrente nas actividades dos cidadáns e no sector privado. No que se refire á creación de empresas, e segundo o expresa un dos participantes de perfil técnico, "o problema (...) é que as competencias sobre o que é a creación dunha empresa corresponden a todos os niveis da Administración, é dicir, á Administración Xeral do Estado, ás comunidades autónomas e á Administración local, e hai determinados aspectos que son desiguais nun e noutro territorio, é dicir, que son máis sinxelos nunhas partes que noutras, ou hai un maior avance na facilitación desa simplificación nuns ámbitos e non noutros". A necesidade de coordinación das administracións públicas e dun esforzo común aparece de xeito recorrente na maioría das entrevistas. Tal como o manifesta un dos participantes, de perfil académico, "sería moi interesante xuntar esforzos de distintas institucións e distintos organismos (...), entre eles, por suposto, a universidade e a Administración, e, en Galicia, a Xunta".

En relación cos avances tecnolóxicos tales como certificados electrónicos, sinatura dixital, etc., dísenos dende a perspectiva dun perfil técnico que "o que permiten é que o cidadán poida relacionarse coa Administración superando as barreiras do tempo e da distancia, é dicir, a calquera hora e independentemente de que esteas, por dicilo así, cerca ou lonxe da sede correspondente coa que te estás a relacionar. Entón, por suposto que é absolutamente esencial para a simplificación. De feito, a grande oportunidade que hai agora é o mal chamado 'documento nacional de identidade electrónico', é dicir, o novo documento nacional de identidade, cun sistema de sinatura incorporado, que, practicamente, co paso dos anos, o que vai supoñer é que calquera cidadán teña no seu peto un sistema de sinatura que utilizar en calquera parte e para relacionarse con calquera administración, con calquera servizo". Todos estes avances que ofrece a tecnoloxía requiren un esforzo de adaptación dos organismos e axentes



implicados; nese sentido, dísenos dende a perspectiva política que "vai ser moi difícil e vai levar tempo saltar todas as inercias que hai en cada unha das administracións".

Ademais, o cidadán debe ter acceso aos medios que lle permitan sacar partido destas vantaxes e, de novo dende o punto de vista político, dísenos que "no caso de Galicia, temos problemas dotacionais importantes (...) Hai unhas estatísticas específicas, e, na última, o mes pasado, vese que nós, en tecnoloxía da información, con respecto ao Estado, temos unha diferenza que hai que resolver".



CONCLUSIÓNS

As pemes constitúen o soporte económico da Unión Europea. Un dos piares para lograr incentivar e apoiar o crecemento económico é contribuír mediante a normativa a unificar criterios. Tras a supresión das barreiras na UE, todos os estados membros están adecuando a súa lexislación baseándose nas pautas marcadas en Europa. Para lograr este crecemento económico, a simplificación administrativa xoga, sen dúbida ningunha, un papel clave, xa que axudará os novos emprendedores e os xa constituídos a aforrar tempo e diñeiro. Independentemente de que no noso país falte moito por facer, a lexislación procura ir de forma paralela aos avances da sociedade. Leis tales como a da sociedade limitada nova empresa, sinatura electrónica, administración electrónica, etc. son unha clara manifestación que pouco a pouco se irá perfilando para a consecución dos obxectivos marcados por Europa antes do 2010.



Fontes e páxinas web consultadas:

Informe do grupo operativo para a simplificación do ámbito empresarial. Best

<http://europa.eu/generalreport/es/2004/rg14.htm>

<http://www.attacmadrid.org/d/5/041016190635.php>

<http://www.camaravalencia.com/camaraonline/contenidoNoticia.asp>

http://ec.europa.eu/prelex/detail_dossier_real.cfm?CL=en&DosId=193469

http://www.la-moncloa.es/NR/rdonlyres/30134D2E-0F2D-43D4-AA6B-0A96165DFF2B/74860/InformeProgresoLisboa_enero2006_.pdf

http://www.la-moncloa.es/NR/rdonlyres/30134D2E-0F2D-43D4-AA6B-0A96165DFF2B/74860/InformeProgresoLisboa_enero2006_.pdf

<http://www.060.es/canales/legislacion/servicios/disposiciones/33033-ides-idimp.jsp>

http://www.060.es/administracion_publica

http://noticias.jurídicas.com/base_datos/admin./134-2002.html

<http://www.planavanza.es/Portada/CiudadaniaDigitalCiudadesDigitales.htm>

http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/159-2003.htm

http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/159-2003.t2.html#a6

<http://www.cert.fnmt.es/>

<http://www.eidolocal.es>

http://www.xunta.es/galicia2004/gl/03_01_01.htm

<http://www.economiafacenda.org/ga/pub/trib/orden25niv2004.htm>

http://www.economiafacenda-org/arquivos/ga/pub/orza-2007/pr/MEMORIA_II_03

<http://www.hispasec.com/corporate>

<http://www.portaley.com/protecciondatos/vision.shtml>

<http://www.pcpyme.es/Actualidad/Noticias/Comunicaciones/Legislación/20061004040>

http://documentos.060.es/participacion_ciudadana/informacion_publica/common/26_Anteproyecto_LAE_v1_0.pdf

http://www.map.es/iniciativas/mejora_de_la_administracion_general_del_estado/m



oderniza/parrafo/00/document_es/Plan_Moderniza.pdf

<http://www.madrimasd.org/informacionidi/noticias/noticia.asp?id=28136>

<http://www.planavanza.es/Portada/LeydeMedidasdelImpulsodelaSociedaddeInfor>
macion

<http://www.planavanza.es/Portada/LeydeMedidasdelImpulsodelaSociedaddeInfor>
macion